

COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

European Language Portfolio

Portfolio européen des langues



Portfolio europeo de las lenguas
Portfolio europeu de les llengües
European Language Portfolio
Hizkuntzen Portfolio Europarra
Portfolio européen des langues
Portfolio europeo das linguas
Portfolio europeu de les llengües
(12 a 18 anos)






MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA
SECRETARÍA GENERAL DE EDUCACIÓN
Subdirección General de Programas Europeos

Edita:
© SECRETARÍA GENERAL TÉCNICA
Subdirección General de Información y Publicaciones

N.I.P.O.: 176-04-130-1
Dep. Legal: M-15.713-2004

Imprime: OMAGRAF, S.L.
Madrid



Portfolio europeo das linguas

O *Portfolio europeo das linguas* ten o propósito de axudarnos a aprender máis e mellor calquera idioma e a comprender e valorar a diversidade lingüística e cultural que temos en Europa.

Trátase dun proxecto do Consello de Europa para todos os estados membros (máis de corenta). Moitos estudantes de secundaria doutros países utilizan coma ti un portfolio parecido a este.

Algunhas das cousas que poderás facer con este caderno son:


- Saber o nivel que tes en cada idioma, segundo unha escala internacional.
- Determinar os teus obxectivos de aprendizaxe e anotar os teus progresos.
- Tomar conciencia do teu xeito de aprender e aumentalo.
- Coñecer mellor e respectar as diferenzas lingüísticas e culturais que hai entre ti e os teus compañeiros, ou entre diferentes grupos de persoas.


En definitiva, poderás chegar a ser un alumno máis autónomo, activo e respectuoso, e con máis capacidade para aprender pola túa conta.

Este portfolio consta de tres seccións:

- O *Pasaporte das linguas*, cun formato e unhas escalas homologadas internacionalmente. Permitirache demostrar no estranxeiro as linguas que falas, o nivel que tes con cada unha, os certificados e títulos que obtiveches ou as experiencias interculturais que viviches.
- A *Biografía lingüística*, con material e follas reciclables, permitirache anotar todas as experiencias de aprendizaxe lingüística e intercultural que tiveses ao longo da túa vida, ademais de axudarche a analizalas e a valoralas.
- O *Dossier*, con dúas bolsas de plástico, no que poderás gardar exemplos dos teus traballos escritos e das túas gravacións orais.

O *Portfolio europeo das linguas* abrangue todas as linguas que coñezas e que aprendes, no instituto ou fóra del. Durante os teus estudos de secundaria, utilízalo en diferentes clases e cursos con varios profesores e titores.





Guía do aprendiz

Portfolio europeo das linguas 12-18 anos

Esta guía permitirache utilizar o Portfolio europeo das linguas pola túa conta. Ofréceche instrucións básicas e algunhas recomendacións para que poidas completar e aproveitar os diferentes materiais que se inclúen, sen esperares á axuda dun docente ou doutras persoas.

Podes utilizala cando:

- Lles teñas que mostrar a outras persoas o que es capaz de facer en cada lingua.
- Queiras reflexionar sobre as aprendizaxes que realizaches ou que tes intención de realizar.
- Queiras gardar os materiais que produciches (escritos, gravacións, etc.).

Os dous primeiros apartados presentan e describen o Portfolio, completando a información achegada no resto do documento. No apartado "*Como se usa?*" atoparás algunhas orientacións xerais para traballares de modo máis eficaz. Le atentamente estes apartados.

Os tres apartados finais explican e exemplifican as instrucións precisas para traballar con cada unha das tres seccións do portfolio. Leas á medida que vaías utilizar cada sección.





1. Que é o portfolio?


O *Portfolio europeo das linguas* é un proxecto do Consello de Europa que ten o obxectivo de promover a identidade cultural europea e desenvolver o mutuo entendemento entre os pobos de diferentes linguas e culturas. Tamén ten o propósito de fomentar a aprendizaxe autónoma de idiomas e as experiencias interculturais.

O Consello de Europa é unha organización intergubernamental con sede permanente en Estrasburgo (Francia), con máis de corenta estados membros. A súa primeira misión é reforzar a unidade do continente, garantir a dignidade dos cidadáns europeos e fomentar o respecto cara aos nosos valores fundamentais da democracia, os dereitos humanos e o estado de dereito.

En España, o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) impulsa decididamente este proxecto, en colaboración coas administracións educativas das comunidades autónomas. Ademais de aspirar a conseguir os citados propósitos europeos, propónse mellorar o coñecemento e a comprensión entre as diferentes linguas e culturas do Estado.


Esta versión do Portfolio está pensada para estudantes de ensino secundario, de idades comprendidas entre os 12 e os 16 ou 18 anos. Pero existen versións para outros niveis e idades: infantil, primaria e adultos. Se en primaria xa traballaches co portfolio, vas ver que esta é unha continuación daquel. Cando alcances o bacharelato ou a universidade tamén vas poder utilizar o portfolio de adultos.

Todas as persoas poden ter un portfolio ao longo da súa vida, porque nunca deixamos de aprender linguas. Estamos continuamente aprendendo palabras e expresións novas da nosa propia lingua, empezamos a aprender outros idiomas, viaxamos a lugares diferentes onde se fala doutro modo, interesámonos por temas novos que teñen outra linguaxe, etc. Por iso, o propósito do Portfolio é axudarnos a sermos mellores aprendices de todas estas linguas e culturas, para que poidamos aprender de modo máis eficaz, consciente e satisfactorio.



2. Que seccións e materiais inclúe?

O Portfolio consta de tres seccións: o *Pasaporte de linguas*, a *Biografía lingüística* e o *Dossier*. Cada sección contén varios materiais, como mostra este gráfico:



No *Dossier* podes gardar exemplos das producións orais (que podes conservar en gravacións) e escritas que realizaches en cada idioma. Estes documentos servirán para reflexionar sobre as aprendizaxes que realizaches ao longo da túa vida; na *Biografía* atoparás actividades que te guiarán nesa reflexión; este apartado é o máis extenso e o que ten a función máis formativa. Finalmente, no *Pasaporte* podes anotar o resultado das túas reflexións, para que outras persoas poidan coñecer cales son os teus coñecementos e as túas destrezas lingüísticas e interculturais.




3. Como se usa?

Aquí tes algunhas recomendacións para traballares con este portfolio:

- Non é ningún libro de texto nin caderno de exercicios que debas cumprir de modo obrigatorio, que debas rematar ou que teña unhas respostas correctas ou predeterminadas. É unha ferramenta para mellorar os teus coñecementos e a túa capacidade sobre a aprendizaxe de linguas, que podes utilizar de cando en vez.
- Podes usalo en diferentes clases e en varios centros educativos (no instituto, nunha academia de idiomas, nun intercambio no estranxeiro) ou fóra da aula e do centro.
- Anota nel todas as experiencias relevantes de aprendizaxe lingüística e cultural que tiveses: os idiomas que fales, entendas, leas ou escribas; os que aprendeses na clase ou na rúa; as experiencias de contacto con outras culturas (viaxes, intercambios, contactos máis ou menos continuos con estranxeiros, etc.).
- Vas utilizalo ao longo de varios anos, de modo que é conveniente que cada certo tempo repitas o traballo con algún dos materiais, para comprobares o progreso que realizaches en cada idioma. Para iso, fotocopia as follas e éncheas tantas veces como queiras e non esquezas poñer a data en cada folla que traballes.

4. Como traballo co *Dossier*?



Moitos arquitectos, decoradores, pintores, modelos e outros profesionais adoitan ter un *dossier* ou unha *carpeta* nos que gardan fotografías, debuxos, certificados e outros documentos relativos aos seus mellores traballos; ese dossier serve para lles mostrar aos posibles clientes e empresarios as características e as calidades das súas obras. Do mesmo modo, este dossier pode servirche para descubrires cales son as túas mellores producións lingüísticas e que características teñen.

Utiliza o *dossier* para:

1. Ordenar e gardar os teus escritos, gravacións orais, documentos e recordos de aprendizaxe de diferentes linguas.
2. Valorar as características (calidade, nivel, etc.) de cada documento e comparalo con outras doutras épocas.

Segue estas instrucións:

1. Busca e recolle todos os documentos de aprendizaxe que consideres interesantes.
2. Clasifica estes documentos en dous grupos:


Grupo 1. Producións lingüísticas máis destacables para ti: escritos (redaccións, cartas, correos electrónicos, notas, exercicios) ou orais (gravacións de breves charlas, conversacións, etc.).

Grupo 2. Documentos (certificados, programas de viaxe) e recordos (postais; entradas a museos e outros centros culturais, billetes de tren; prospectos, etc.).

3. Ordena os documentos de cada grupo e completa os cadros do *índice de traballos e documentos* (páxina 55). Atención! Non esquezas a columna "*Por que o elixín?*". É moi importante.

Un dossier ben completo axudarache a responder ao resto de seccións do Portfolio. Revisa os documentos do dossier cada certo tempo.

5. Como traballo coa *Biografía lingüística*?



Moitas persoas escriben a biografía das súas vidas para recordar e documentar as experiencias que viviron e para poder reflexionar despois sobre elas. De modo parecido, esta *Biografía lingüística* permitirache recordar as mellores experiencias de aprendizaxe lingüística e cultural que tiveses, ademais de analizar o que aprendiches e a forma como o fixeches.

Utiliza a biografía para:

- Descubrir o que sabes facer en cada lingua e facer plans sobre o que che gustaría aprender.
- Coñecer mellor a túa forma de aprender linguas.
- Descubrir e valorar as linguas que se falan ao teu arredor.

As miñas linguas

Neste apartado reflexionarás sobre as linguas que ti utilizas:

En que linguas me comunico cos demais? Neste cadro da páxina 5 poderás identificar cales son as túas linguas, as que usas habitualmente ou que estás a aprender (non inclúas idiomas dos que non saibas, como mínimo, unhas 50 palabras).

Que sei facer coas miñas linguas? Nestas cinco táboas (páx. 7-15) poderás identificar as capacidades que tes nas túas linguas. Fíxate neste exemplo:

Ler:		15-10-03	24-11-04		
A1	Comprendo nomes e palabras correntes e frases moi sinxelas que atopo en escritos do meu ámbito (por exemplo, en letreiros e carteis, en horarios e anuncios por palabras).	E I	G I	E I	G I
A2	Comprendo textos moi breves e sinxelos, como prospectos, menús, catálogos ou cartas persoais breves; sei buscar neles a información que me interesa e que é previsible atopar.	E	G	E	G
B1	Comprendo a información principal de escritos moi habituais e cotiáns (noticias e anuncios na prensa, cartas persoais, instrucións de uso); nestes textos comprendo a descrición de acontecementos e a expresión de sentimentos persoais.	E	G	E	G
B2	Podo ler artigos de prensa sobre temas e problemas actuais, nos que se recollen diversos puntos de vista; podo ler tamén libros de literatura contemporánea.	E	G	E	G

As diferentes letras serven para identificar o idioma no que es capaz de facer o que se describe en cada cuadrícula (*E* = español; *I* = inglés; *G* = galego). Antes de responder, le estas cuadrículas con atención e, se é necesario, comproba na vida real se es capaz de facer o que se describe. Non esquezas anotar a data ao principio da columna.

Con estas cinco táboas, poderás coñecer as túas capacidades en todas as túas linguas. Os códigos A1-C2 indican os diferentes niveis estándar de coñecemento dun idioma que establece o Consello de Europa. Tamén podes comparar as túas capacidades en diferentes idiomas e destrezas entre si.

Que sei facer coas miñas linguas ambientais? (páxina 27-36) e *Que sei facer coas miñas linguas estranxeiras?* (páxina 17-25). Estes dous grupos de cinco táboas son máis específicos que os anteriores e neles poderás ser máis concreto. Utiliza as táboas de *linguas ambientais* para os idiomas que se utilicen ao teu arredor (na casa, no instituto, na rúa) e as de *linguas estranxeiras* para os que non se utilicen. Fíxate neste exemplo:

<i>Italiano</i> Conversar:		3-7-01	23-7-01		
A1	Son capaz de comunicarme cos meus compañeiros e co profesor mediante breves diálogos, seguindo os modelos das leccións, sempre que traten de temas cotiáns.	∇	XX		
	Utilizo as expresións que aparecen nas leccións das que aprendín o seu sentido. Sei saudar, despedirme, preguntar como está unha persoa, pedir información, etc.	∇	XX X		


O autor desta táboa empezou a estudar italiano nun curso de verán en xullo: utilizou o signo ∇ para marcar o que quería aprender a facer ao principio (3-7-01) e avaliou ao final (23-7-01) cunha cruz se o conseguiu (o número de X en cada cuadrícula indica o grao de valoración positiva da conduta correspondente).

Utiliza estas táboas para identificares o que es capaz de facer en cada idioma ou o que che gustaría aprender a facer ao longo do teu proceso de aprendizaxe.

Como falan as miñas linguas outras persoas? Completa este cadro (páxina 37) para reflexionar sobre os diferentes dialectos, acentos e formas de falar que todos temos.

Outras linguas

Que outras linguas se falan ao meu arredor? Completa este cadro (páxina 39) para identificar as outras linguas que se utilizan ao teu arredor. Pensa nos teus compañeiros da clase, nos veciños, nos amigos, etc. Que sabes de cada lingua? Busca información e anótala na folla.



O meu xeito de aprender

Neste apartado reflexiónase sobre as túas estratexias de aprendizaxe. Unha forma de aprender mellor é ser máis consciente do propio xeito de aprender. *Como aprendo?* Fíxate no que fan outras persoas para aprender (páxina 41-43) e anota en cada cadro o que fas ti. Intenta ser moi concreto.


Que aprendín e que me axudou a aprendelo? Pensa agora nalgunhas das expresións máis importantes que aprendiches e dos métodos ou os recursos que usaches para aprendelas. Anótao no cadro (páxina 45). Fíxate neste exemplo:

Que aprendín?	Que me axudou? Como o aprendín?
If I were a... <i>para expresar desexos ou hipóteses en inglés.</i>	<i>Coa canción que empeza con If I were a richman... creo que do Violinista no tellado. Gústanme as cancións e coa música é doado recordar a letra.</i>
Deort chay (catro tes) <i>en turco, cando fun a Turquía de viaxe.</i>	<i>Tiña moita sede e busquei as palabras nun dicionario. Logo foi doado recordalas porque as usaba cada día.</i>


Que fago para aprender fóra da clase? Utiliza este cadro (páxina 47) para explorar o que fas na vida cotiá para aprenderes idiomas. Marca cun X o que fas (na columna "Fágoo") e o que te propós facer (en "Gustaríame").

Os meus plans de aprendizaxe

Que quero saber facer en cada lingua? Aproveita este apartado (páxina 49) para formulares os teus plans de aprendizaxe para o futuro. Decide que lingua queres aprender, o que che interesa saber facer con ela, como o vas aprender, etc. Consulta os apartados anteriores de "As miñas linguas" e "O meu xeito de aprender" para atopar os teus obxectivos de aprendizaxe e as túas estratexias.



6. Como traballo co *Pasaporte de linguas*?




Do mesmo modo que un pasaporte convencional nos permite saír ao estranxeiro e visitar outros países, o *Pasaporte de linguas* permite superar as fronteiras lingüísticas. Permite que persoas de calquera parte do mundo poidan saber o que es capaz de facer nas diferentes linguas que coñezas, que poidan saber con facilidade o nivel que tes en cada unha ou que poidan valorar as experiencias de contacto intercultural que tiveches. Para facilitar esta función informativa, o *Pasaporte de linguas* ten un formato parecido en todos os países da Unión Europea, aínda que poida variar o seu deseño.

Podes utilizar este *Pasaporte de linguas* cando:

- Lles teñas que mostrar a outras persoas o que es capaz de facer nas diferentes linguas (ao cambiar de instituto, de cidade, de país...).
- Queiras mostrar as experiencias interculturais que viviches (viaxes, estudos no estranxeiro, intercambios, etc.).
- Queiras anotar e ordenar os datos máis relevantes dos certificados e diplomas de aprendizaxe de linguas que posúas.

O *Pasaporte de linguas* inclúe instrucións, algún exemplo e táboas de autoavaliación para que poidas cubrilas con facilidade. Para cubri-lo aproveita o traballo que realizaches previamente na sección "*As miñas linguas*" e o índice de certificados que escribiches no *Dossier*.



COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

European Language Portfolio

Portfolio européen des langues



Biografía lingüística

Ensino secundario

2



Biografía lingüística

Ensino secundario

Esta *Biografía* forma parte do *Portfolio europeo das linguas*, xunto co *Pasaporte de linguas* e o *Dossier*. Ten o obxectivo principal de axudarche a anotar e a valorar as diferentes experiencias de aprendizaxe lingüística e de contacto intercultural que realizaches ao longo da túa vida.

Entre outras cousas, esta biografía permitirache:

- Aprender a autoavaliar os teus coñecementos e as túas habilidades lingüísticas.
- Aprender a identificar as túas necesidades de comunicación e a formular os teus obxectivos de aprendizaxe.
- Incrementar a túa conciencia sobre o teu xeito de aprender linguas e de descubrir outras formas de mellorar a túa aprendizaxe.
- Coñecer mellor e respectar as linguas e as culturas dos teus compañeiros.
- Aprender máis sobre as linguas, as culturas e a comunicación das persoas.

En conxunto, esta *Biografía* tamén che permitirá cubrir o *Pasaporte de linguas* con máis precisión e coñecemento.



COUNCIL OF EUROPE CONSEIL DE L'EUROPE
European Language Portfolio
Portfolio européen des langues

Portfolio Europeo das Linguas:
Modelo acreditado Nº 52.2003
European Language Portfolio: accredited model No 52.2003


Concedido a / Awarded to

**MINISTERIO DE EDUCACIÓN
Y CIENCIA. ESPAÑA**

Este modelo axústase aos principios e liñas directrices comúns.

COMITÉ DE EDUCACIÓN–COMITÉ DE VALIDACIÓN PEL

This model conforms to common Principles and Guidelines.
STEERING COMMITTEE FOR EDUCATION
ELP EUROPEAN VALIDATION COMMITTEE



As miñas linguas

En que linguas me comunico cos demais?

Que lingua?	Onde a uso? Na casa, na escola, cos amigos, etc.	Que fago? Falo, leo, escoito música, viaxo, etc.	Onde a aprendín? Na casa, na escola, en viaxes, con amigos, etc.



Que sei facer coas miñas linguas?


Escoitar:

A1	Recoñezo palabras e expresións correntes e básicas (de información persoal ou familiar, do meu ámbito), se as persoas falan claro e devagar.								
A2	Comprendo palabras e expresións correntes sobre temas xerais (información persoal, amizades, residencia, escola, comercio, tempo libre).								
B1	Comprendo as ideas principais de mensaxes sobre temas correntes, se se fala con claridade; comprendo a idea principal de moitos programas de radio ou televisión, sobre temas actuais ou de interese persoal.								
B2	Comprendo a maior parte do que escoito en discursos e conferencias sobre temas coñecidos, nos programas de noticias de televisión e nas películas que ve-xo, sempre que non haxa acentos moi diferentes.								
C1	Comprendo discursos e conferencias extensas, programas de radio e televisión, películas, faladoiros e debates, sempre que os que falan non teñan un acento marcado nin usen expresións propias dun determinado grupo (dialectos, xergas xuvenís ou linguaxe técnica, etc.).								
C2	Comprendo calquera tipo de linguaxe falada, sen dificultade e aínda que falen ás présas, en conversacións en vivo e en retransmisións de radio e televisión, sempre que poida familiarizarme co acento das persoas que interveñen.								

Que sei facer coas miñas linguas?

Ler:

A1	Comprendo nomes e palabras correntes e frases moi sinxelas que atopo en escritos do meu ámbito (por exemplo, en letreiros e carteis, en horarios e anuncios por palabras).								
A2	Comprendo textos moi breves e sinxelos, como prospectos, menús, catálogos ou cartas persoais breves; sei buscar neles a información que me interesa e que é previsible atopar.								
B1	Comprendo a información principal de escritos moi habituais e cotiáns (noticias e anuncios na prensa, cartas persoais, instrucións de uso); nestes textos comprendo a descrición de acontecementos e a expresión de sentimentos persoais.								
B2	Podo ler artigos de prensa sobre temas e problemas actuais, nos que se recollen diversos puntos de vista; podo ler tamén libros de literatura contemporánea.								
C1	Podo ler textos longos, literarios ou de ensaio, e artigos especializados sobre temas novos, apreciando os diferentes estilos con que están escritos. Comprendo tamén instrucións técnicas de máquinas ou aparellos.								
C2	Comprendo con facilidade calquera tipo de linguaxe escrita, en textos de estrutura complexa e de temas abstractos, como manuais, artigos especializados e literatura.								




Que sei facer coas miñas linguas?

Conversar:

A1	Fago preguntas e dou respostas sobre temas comúns e habituais. Fágoo de xeito sinxelo e necesito que me falen devagar, que me repitan o que dixeron ou que o formulen noutras palabras e, ás veces, que me axuden a poder expresarme.								
A2	Participo en conversacións sinxelas e directas sobre temas correntes, aínda que ás veces cústame comprender o que me din e seguir a conversación se non me axudan a dicir o que quero.								
B1	Sei desenvolverme ben en case todas as situacións que se me poden presentar nunha viaxe ao país en que fale a lingua; participo espontaneamente en conversacións sobre temas correntes (familia, afeccións, escola, viaxes, acontecementos).								
B2	Podo conversar con falantes nativos sobre temas habituais; podo expoñer os meus puntos de vista e defendelos. Falo con fluidez e espontaneidade, aínda que a miúdo teño que determe a pensar as expresións ou as palabras que quero usar.								
C1	Podo conversar con falantes nativos, tratando unha grande diversidade de temas. Utilizo a lingua con flexibilidade e sen problemas; expreso as miñas ideas e opinións de xeito preciso e relaciónoas habilmente cos doutros interlocutores.								
C2	Tomo parte sen esforzo en calquera conversación ou discusión e entendo e utilizo expresións idiomáticas coloquiais; exprésome con fluidez e transmito sutís matices de sentido con precisión. Se teño un problema, sorteo a dificultade sen que se note.								





Que sei facer coas miñas linguas?

Falar:

A1	Podo facer breves descrições e narracións (por exemplo, do lugar onde vivo, de persoas coñecidas, do que quero facer), utilizando expresións sinxelas e frases curtas que aprendín.								
A2	Podo facer descrições e narracións extensas (de persoas, do instituto, dos meus costumes e das miñas afeccións, das vacacións, do meu tempo de ocio, etc.), utilizando unha diversidade de expresións e de frases sinxelas.								
B1	Sei describir experiencias e acontecementos. Tamén sei expresar os meus desexos e os meus sentimentos persoais; explicar brevemente as miñas opinións e plans; sei narrar unha historia ou un relato, como a trama dun libro que lin ou dunha película que vin e dicir o que me pareceu. Ao facer esas cousas, enlace convenientemente unhas frases con outras.								
B2	Fago exposicións claras e detalladas de temas que coñezo; tamén podo explicar o meu punto de vista ao respecto, así como as vantaxes e desvantaxes que poden presentar as diversas opcións posibles nun determinado asunto.								
C1	Fago exposicións claras e detalladas de temas diversos e complexos; desenvolvo eses temas e concretsos con detalle, e remato as miñas descrições cunha conclusión apropiada.								
C2	Fago explicacións, descrições e argumentacións con claridade e fluidez, expondo as ideas de forma lóxica e organizada e elixindo o estilo adecuado en cada momento, co fin de resaltar para os meus interlocutores aquilo que considero máis importante.								






Que sei facer coas miñas linguas?

Escribir:

A1	Escribo postais curtas (por exemplo, de felicitación ou nas vacacións); cubro formularios con datos persoais.								
A2	Escribo notas e mensaxes breves e sinxelas de temas cotiáns; escribo cartas persoais moi sinxelas (por exemplo, de agradecemento ou para facer un convite).								
B1	Escribo textos sinxelos e ben enlazados sobre temas correntes ou de interese persoal; escribo cartas persoais nas que relato as miñas experiencias ou expreso as miñas impresións.								
B2	Escribo textos claros e detallados sobre temas variados do meu interese; escribo redaccións ou traballos con información ou argumentacións. Cando escribo cartas, son capaz de resaltar a importancia que teñen para min determinados feitos ou experiencias.								
C1	Escribo con claridade e de xeito estruturado textos extensos, expoñendo os meus puntos de vista; escribo sobre temas complexos en cartas, redaccións ou traballos, resaltando os aspectos importantes; elixo o estilo apropiado a cada texto.								
C2	Escribo con soltura e claridade diversos tipos de textos extensos e complexos (traballos académicos, recensións literarias, resumos), elixindo o estilo apropiado e dotándoos dunha estrutura lóxica e eficaz, e resaltando o que considero importante.								

Que sei facer coas miñas linguas estranxeiras?

Escoitar:

A1	Na clase, comprendo as instrucións do profesor relativas ás actividades que imos realizar e as expresións referidas a información persoal, familiar ou do meu ámbito.								
	Podo entender expresións correntes e básicas referidas a temas cotiáns, se a pronunciación é pausada e clara.								
A2	Na clase, comprendo a información esencial de gravacións curtas, se tratan de temas cotiáns e predicibles e se a pronunciación é pausada e clara.								
	Comprendo o tema das conversacións e o sentido xeral de mensaxes breves, claras e sinxelas, referidas á vida cotiá, ao oír nativos na rúa, no instituto, en películas e na televisión.								
B1	Podo seguir as ideas principais dunha conversación ou dun debate longos, de tema xeral, se se fala con claridade e sen dialectos particulares; tamén podo seguir indicacións detalladas.								
	Comprendo as ideas principais dos informativos en radio e televisión ou o tema dunha obra de ficción (teatro, cinema), se se fala con claridade e lentitude.								
B2	Podo seguir conversacións animadas entre nativos e captar os implícitos, mesmo se falan en ton coloquial.								
	Entendo a letra das cancións que me gustan, aínda que ás veces descoñeza algunhas palabras. Decátome de que oíu palabras novas e de que aprendo vocabulario novo.								
	Comprendo a maioría dos programas de radio e televisión (documentais, reportaxes, entrevistas); podo captar o estado de ánimo, a actitude e o punto de vista do falante.								
C1	Podo seguir a maioría de conferencias, debates ou discusións, mesmo se son longas e complexas.								
	Comprendo con facilidade todos os programas de radio e televisión, mesmo cando os seus contidos non son previsibles; podo captar matices sutís como detalles ou implícitos.								
	Recoñezo diversas expresións idiomáticas e coloquiais; podo apreciar os cambios de rexistro.								




Que sei facer coas miñas linguas estranxeiras?

Ler:

A1	Comprendo textos moi breves e sinxelos, lendo frase por frase, recoñecendo as palabras básicas e relendo todo o que necesito.					
	Comprendo as instrucións do libro e doutros materiais didácticos relativas ás actividades da clase.					
	Comprendo textos básicos (rótulos na rúa, en comercios, en institucións, nomes de lugares, etc.) sempre que se refiran a cousas que coñezo.					
A2	Comprendo textos breves e sinxelos de carácter persoal (cartas, correos electrónicos) ou público (instrucións xerais en transportes e máquinas, etc.).					
	Entendo o sentido xeral de historietas gráficas en contos e cómics.					
	Sei buscar a información que me interesa noutros textos máis complexos, como menús, catálogos, prospectos, biografías, etc.					
B1	Son capaz de recoñecer as ideas fundamentais de lecturas graduadas, historietas con debuxos, correspondencia cun amigo estranxeiro, impresos oficiais sinxelos, etc.					
	Podo seguir instrucións sinxelas sobre o manexo de diversos aparellos (electrodomésticos, ordenadores, equipos de música), sempre que vaian acompañadas de imaxes.					
	Entendo os contos e os poemas do libro de texto que lemos na clase, aínda que ás veces teña que usar o dicionario.					
B2	Entendo con facilidade e rapidez o contido de noticias, reportaxes e artigos de actualidade, de temas xerais ou do meu interese, e recoñezo os puntos de vista e as actitudes dos autores.					
	Podo consultar con rapidez obras de referencia (enciclopedias, manuais) para buscar a información concreta que necesito.					
	Comprendo textos especializados de diversos temas académicos, se podo consultar no dicionario os termos descoñecidos.					
C1	Comprendo con todo detalle unha ampla serie de textos extensos e complexos, de temas académicos, científicos ou laborais (artigos especializados, manuais de instrucións, literatura), mesmo se son novos para min.					
	Comprendo o sentido completo destes textos relendo ás veces algunhas pasaxes, pero raramente teño que consultar o dicionario.					

Que sei facer coas miñas linguas estranxeiras?


Conversar:

A1	Son capaz de comunicarme cos meus compañeiros e co profesor mediante breves diálogos, seguindo os modelos das leccións, sempre que traten de temas cotiáns.								
	Utilizo as expresións que aparecen nas leccións e aprendín o seu sentido. Sei saudar, despedirme, preguntar como está unha persoa, pedir información, etc.								
A2	Son capaz de manter breves diálogos cos compañeiros e co profesor; tamén son capaz de realizar xogos de rol sinxelos, sobre temas coñecidos.								
	Son capaz de intercambiar opinións e de me poñer de acordo con nativos ou estudantes de intercambio, acerca das actividades que podemos facer ou dos lugares a onde podemos ir. Sei desculparme, facer convites ou expresar o que me gusta.								
	Comprendo o tema das conversacións sinxelas e comúns; podo entender o que me din e responder, se me falan devagar, se me repiten o que non entenda e se me axudan coas palabras difíciles.								
B1	Na clase, participo en debates, conversacións e xogos de rol sobre temas diversos, de forma espontánea. Participo activamente nestas conversacións: respondo, fago preguntas, etc.								
	Podo manter breves conversacións sobre temas correntes con nativos, en lugares públicos (tendas, restaurantes) ou con estudantes de intercambio. Son capaz de expresar e responder a sentimentos como a sorpresa, a felicidade ou a tristura.								
	Entendo todo o que me din e podo responder a todo, aínda que ás veces debo pedir que me repitan o que me din.								
B2	Son capaz de participar en conversacións extensas con nativos se se fala con claridade e se utiliza unha linguaxe non dialectal; podo participar activamente interrompendo alguén, formulando e respondendo preguntas e cambiando de tema.								
	Son capaz de conversar sobre a maioría de temas correntes: as clases do instituto, ocio, música, cinema. Podo expresar as miñas opinións con precisión e con matices.								
	Interveño en todas as conversacións con fluidez e espontaneidade, sen que os meus interlocutores teñan que axudarme.								
C1	Son capaz de participar en debates, conversacións ou reunións extensas, sobre temas especializados, complexos ou abstractos, formulando con precisión e claridade todas as miñas ideas.								
	Sei utilizar palabras e expresións máis formais ou coloquiais segundo o tipo de conversación. Podo expresar as miñas ideas con distintas emocións, de xeito serio ou divertido, de modo explícito ou alusivo.								
	Interveño en todas as conversacións sen esforzo e de xeito natural, con fluidez e espontaneidade. Se descoñezo algunha palabra ou expresión, podo utilizar circunloquios sen que os meus interlocutores o noten.								

Que sei facer coas miñas linguas estranxeiras?

Falar:

A1	Son capaz de dar información e de facer preguntas sobre actividades da clase. Tamén sei falar de datos persoais (residencia, intereses).								
	Falo cando mo piden e, en moitas ocasións, antes de falar, teño que pensar como facelo. Falo con frases sinxelas e illadas.								
	Ás veces, cústame formular as frases e a miúdo teño que repetilas para que me entendan.								
A2	Son capaz de falar brevemente de experiencias e rutinas, de dar instrucións, de describir cousas, lugares e persoas e de recitar un poema ou a letra dunha canción.								
	Falo por iniciativa propia e poucas veces necesito pensar antes como expresarme. Falo con frases sinxelas e enlazadas.								
B1	Ao falar fago algunhas pausas, teño dúbidas e debo repetir e reformular algunha frase.								
	Son capaz de falar con fluidez sobre os meus intereses, as miñas experiencias persoais, os meus plans e as miñas ilusións. Podo narrar unha historietta, explicar o tema dun libro ou dunha película, intervir en representacións de teatro.								
	Sei facer presentacións en público, breves e claras, sobre temas do meu coñecemento se as preparo antes.								
B2	Son capaz de manter o meu discurso durante un período longo, con pronunciación moi comprensible, aínda que fago pausas e a miúdo debo autocorrixirme a min mesmo a gramática e o léxico.								
	Son capaz de explicar con fluidez as miñas experiencias persoais, intereses, plans e ilusións; sei facer descrições claras e detalladas de lugares ou persoas que coñezo.								
	Son capaz de explicar os meus puntos de vista sobre temas xerais, con exemplos e detalles; sei expoñer as vantaxes e desvantaxes dunha opción.								
C1	Poño coidado no xeito de pronunciar as palabras e as frases para ser claro e comprensible.								
	Son capaz de falar case sen esforzo sobre temas complexos, durante o tempo que sexa necesario; podo explicar con detalles, exemplos e matices as ideas que sexan necesarias.								
	Sei estruturar ben os meus discursos, con introdución, desenvolvemento e conclusións; podo precisar as miñas afirmacións con diferentes graos de certeza ou improvisar respostas se me formulan preguntas ou dúbidas.								
	A miña pronunciación é clara e natural. Podo variar o ton das frases para resaltar algunhas palabras e matizar as ideas.								




Que sei facer coas miñas linguas estranxeiras?

Escribir:

A1	Sei cubrir impresos (registro de hotel, visado de entrada) con datos persoais (nome, datas, enderezo, nacionalidade).					
	Sei escribir postais sinxelas ou enviar mensaxes curtas a amizades, familiares e compañeiros (móbil, correo electrónico).					
	Escribo con palabras e frases sinxelas; busco no dicionario ou pregunto o que descoñezo.					
A2	Sei escribir notas e mensaxes sinxelas para dar avisos ou para facer encargos sobre temas cotiáns; podo escribir breves cartas persoais a familiares ou compañeiros para felicitalos, para darlles as grazas ou para invitalos.					
	Na clase, escribo redaccións breves sobre temas moi próximos: a miña familia, personaxes imaxinarios, o que me gusta facer, etc.					
	Escribo textos breves de dous ou tres págrafos, con frases curtas e enlazadas con conectores como “e”, “pero” e “porque”. Non domino de todo a ortografía.					
B1	Sei escribir cartas persoais explicando as miñas experiencias e emocións, expoñendo as miñas opinións sobre temas xerais (música, cinema). Tamén lles podo escribir a persoas descoñecidas para iniciar intercambios.					
	Na clase, escribo redaccións sinxelas sobre temas do meu interese: narrar unha historia ou unha viaxe, describir un acontecemento; tamén podo tomar notas e apuntamentos dunha conferencia ou dunha clase.					
	Sei escribir textos estruturados de xeito lóxico (introdución, desenvolvemento e conclusión). Utilizo frases subordinadas e ben enlazadas; cometo algunhas faltas de ortografía.					
B2	Sei escribir cartas, redaccións e informes; neles podo expresar os meus sentimentos, vivencias e opinións ou defender unha opinión; tamén podo resumir unha película ou un conto.					
	Na clase, escribo textos detallados sobre unha diversidade de temas do meu interese, resumindo e avaliando datos que obtiven de diferentes fontes. Por exemplo, podo escribir unha recensión dunha película, dun libro ou dun concerto.					
	Escribo con sintaxe complexa e vocabulario variado, marcando convenientemente as relacións existentes entre as ideas. Utilizo circunloquios e paráfrases para suplir as palabras que non coñezo. A miña ortografía e a miña puntuación son bastante correctas.					
C1	Sei escribir textos claros, precisos e moi correctos sobre temas variados e complexos, resaltando as ideas principais.					
	Na clase, escribo exposicións longas (exames, traballos, informes, ensaios) sobre temas complexos e fágoo con claridade e precisión.					
	Sei adaptar o texto ao lector e ao tipo de texto elixido, buscando a mellor forma de organizar os datos e elixindo as expresións familiares ou formais que sexan máis axeitadas.					






Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

Escoitar:

A1	En lugares públicos, entendo cando me falan sobre temas persoais, familiares ou do meu ámbito, se a pronunciación é clara e pausada. Podo entender as expresións correntes, básicas e repetitivas das conversacións máis habituais.								
	Nas clases das distintas materias, comprendo as instrucións dos profesores relativas ás actividades que imos realizar.								
A2	No centro escolar e en lugares públicos, capto o tema das conversacións e o sentido xeral de mensaxes breves, claras e sinxelas, relacionadas coa vida cotiá.								
	Nas clases das distintas materias, comprendo explicacións breves dos profesores ou dos meus compañeiros, se tratan de temas coñecidos e se a pronunciación é clara e pausada.								
B1	Falando coa xente, no instituto ou no barrio, entendo o sentido xeral do que din.								
	No cinema, na radio ou na televisión, cando falan dun tema que me resulta coñecido, podo entender o sentido xeral do que din, sempre que non falen moi rápido e sempre que non usen expresións dialectais que descoñeza, nin palabras complicadas.								
	Comprendo as ideas principais de mensaxes sinxelas e breves, sobre temas xeais ou da miña especialidade, se se pronuncian con claridade e lentamente.								
B2	Falando coa xente, entendo polo miúdo o que din, mesmo cando falan rápido e con implícitos.								
	Entendo instrucións xeais transmitidas de viva voz ou a través de altosfalantes.								
	En radio e televisión, podo seguir polo miúdo noticiarios e obras de ficción que non teñan acentos dialectais.								
	Comprendo as ideas principais de conferencias, charlas e clases.								







Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

C1	Podo seguir con facilidade conversacións e debates en grupo, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou descoñecidos; podo captar as intencións e os puntos de vista dos falantes, mesmo se son implícitos.								
	Comprendo as ideas principais de conferencias, leccións e explicacións longas, sobre temas abstractos ou complexos da miña especialidade; podo entender polo contexto algunhas expresións que descoñezo.								
	Podo distinguir algunhas das expresións cultas e formais e algunhas das coloquiais e vulgares que aparecen nos discursos que escoito.								
	Podo recoñecer algúns dos termos especializados propios dalgunha materia científica coñecida, que aparecen na clases e conferencias, aínda que non sempre coñezo o seu significado.								
C2	Comprendo sen dificultade calquera tipo de linguaxe falada, tanto en vivo coma en retransmisións, aínda que sexa rápida, dialectal ou moi culta.								
	Recoñezo usos particulares e imprevisibles dos falantes, como a ironía, o humor ou o dobre sentido; comprendo case sempre a súa intención e o seu significado.								
	Recoñezo o grao de formalidade (culto, familiar, coloquial) de moitas das expresións dos discursos.								
	Podo seguir con facilidade conferencias, charlas e presentacións académicas longas, mesmo sobre temas abstractos especializados ou descoñecidos. Recoñezo as expresións propias de campos especializados de saber (termos, fraseoloxía).								



Que sei facer coas miñas linguas ambientais?


		 Ler:							
A1	Comprendo textos básicos na rúa (rótulos en comercios e institucións; nomes de lugares; etc.), sempre que se refiran a cousas que coñezo.								
	Comprendo as instrucións dos libros de texto e outros materiais didácticos, relativas ás actividades da clase, nas distintas materias.								
A2	Comprendo textos públicos, breves e sinxelos (carteis e avisos na rúa, instrucións xerais en transportes e máquinas, etc.).								
	Comprendo a información básica noutros textos máis complexos, como menús, catálogos ou prospectos.								
	Comprendo o sentido xeral de explicacións breves nos libros de texto, se están relacionadas coas actividades realizadas na clase e se xa se explicou algo acerca do tema.								
B1	Sei atopar a información que me interesa en textos cotiáns (catálogos, prospectos, biografías, etc.).								
	Son capaz de recoñecer o argumento dunha narración curta, as ideas principais dunha descrición de personaxes ou as conclusións dunha argumentación sinxela.								
	Podo seguir instrucións e indicacións sinxelas relativas a aparellos (ordenadores, equipos de música) ou tarefas (receitas de cociña).								
B2	Entendo o contido xeral de noticias, artigos e comentarios de actualidade; son capaz de atopar detalles importantes, que podo entender coa axuda do dicionario.								
	Comprendo os detalles de instrucións e formularios extensos e complexos, aínda que ás veces teño que reler os fragmentos difíciles.								
	Entendo o contido de artigos sobre temas que me interesan ou propios das materias, en enciclopedias, revistas ou en internet. Uso a miúdo o dicionario porque aparecen moitas palabras novas.								



Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

C1	Podo comprender textos extensos e complexos sobre temas de actualidade en enciclopedias, prensa, internet e en obras de literatura contemporánea (contos, novelas, poesía). Entendo a información que conteñen, as emocións que transmiten e os distintos puntos de vista que adoptan.								
	Consigo entender nos textos a idea principal e os detalles, a información que achegan, as emocións que transmiten e os puntos de vista que adoptan; ás veces teño que reler algúns fragmentos ou consultar algunha palabra no dicionario.								
	Comprendo aquelas ideas e informacións que non se formulan explicitamente no texto pero que o autor dá a entender.								
C2	Podo comprender con facilidade unha variada gama de textos longos e elaborados (artigos especializados, instrucións, literatura, ensaio) sobre distintos temas, mesmo se estes son novos para min.								
	Detecto os xogos de palabras, a ironía, a ambigüidade e outros recursos lingüísticos nos textos, entendo o seu significado e a intención dos seus autores.								
	Sei interpretar criticamente os textos, detectando os puntos de vista ou os argumentos e as teses que son contrarios á miña opinión e os que son débiles ou pouco razoados; tamén sei identificar a ideoloxía do autor e os estereotipos que reproduce.								
	Son consciente de que os escritos adoptan variados graos de especificidade e formalidade; reconezo as expresións (termos, fraseoloxía) que pertencen a campos especializados de saber e as que son máis coloquiais ou máis formais.								





Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

Conversar:

A1	Utilizo expresións sinxelas para saudar unha persoa, despedirme dela e pedirlle ou darlle algunha información sobre asuntos da vida cotiá.								
	Son capaz de comunicarme cos meus compañeiros e profesores mediante diálogos moi sinxelos.								
A2	Son capaz de manter breves diálogos sobre temas coñecidos, na rúa (con veciños, amigos) e na clase (cos compañeiros e os profesores).								
	Son capaz de intercambiar opinións e de poñerme de acordo cos meus interlocutores acerca de actividades que podemos facer ou de lugares a onde podemos ir.								
	Comprendo o tema destes diálogos; podo entender o que me din e responder, se me falan devagar, se me repiten o que non entenda e se me axudan coas palabras difíciles.								
B1	Podo falar con xente do barrio ou da cidade, cara a cara ou por teléfono, acerca das nosas experiencias e vivencias, plans e intencións, gustos e intereses, puntos de vista e opinións.								
	Sei adoptar a actitude e o comportamento axeitados ao tipo de interlocutor (familia, amizade, profesor, descoñecido, autoridade).								
B2	Falo con fluidez e espontaneidade en todas as situacións cotiás. Son capaz de resolver as confusións que poidan xurdir.								
	Podo participar en conversacións longas e en debates ou faladoiros con varias persoas. Sei argumentar, dar explicacións, defender os meus puntos de vista e criticar ideas e actitudes doutros.								
	Sei elixir o momento da miña intervención e manter e desenvolver a miña quenda de palabra.								
	Sei expresar con cortesía, amabilidade e distancia as miñas actitudes ante un tema, con diferentes interlocutores.								





¿Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

C1	Son capaz de participar eficazmente en entrevistas, coloquios, mesas redondas e debates, faladoiros, etc. Axusto o contido da miña intervención ás dos outros.									
	Podo precisar as opinións e afirmacións con diferentes graos de certeza ou incerteza, de dúbida, probabilidade, obriga, etc.									
	A miña dicción é precisa, correcta e fluída. Podo modificar axeitadamente o ritmo, a velocidade e o ton, para adaptarme ás circunstancias e para conseguir os meus propósitos.									
	Elixo axeitadamente o vocabulario e as expresións entre unha gama variada de recursos.									
C2	Interveño con eficacia, sen esforzo e con total corrección en entrevistas, coloquios, mesas redondas e debates, faladoiros, etc. Axusto convenientemente o contido e o ton da miña intervención ao contexto.									
	Podo expresar con claridade e sen limitacións todas as intencións comunicativas. Son capaz de poñer énfase onde sexa necesario, eliminar a ambigüidade e introducir sutís matices de significado.									
	Teño un bo dominio do vocabulario, que inclúe expresións idiomáticas e coloquiais, xogos de palabras, frases feitas, proverbios e refráns.									
	En contextos formais manteño o mesmo dominio da lingua que teño en situacións coloquiais; coñezo e uso as expresións cultas e as fórmulas protocolarias idóneas en cada caso.									
	Son consciente do grao de formalidade ou familiaridade do discurso que require cada situación. Recoñezo a variedade social e xeográfica da lingua que usan os meus interlocutores, o que me axuda a manter eficazmente a conversación.									



Que sei facer coas miñas linguas ambientais?


		 Falar:							
A1	Podo dar os meus datos persoais (idade, familia, residencia, etc.). Tamén podo facer preguntas básicas sobre actividades da clase ou da vida cotiá.								
	Utilizo frases sinxelas e illadas; ás veces, cústame formular as frases e a miúdo teño que repetilas para que me entendan.								
A2	Son capaz de falar brevemente dos meus gustos e intereses, das miñas experiencias e vivencias; sei describir cousas, lugares e persoas.								
	Falo con frases sinxelas e enlazadas; fago algunhas pausas, pois teño dúbidas e debo repetir e reformular algunha frase.								
B1	Son capaz de explicar con fluidez as miñas experiencias persoais; narrar soños, feitos reais ou imaxinados; describir os meus sentimentos e reaccións ou resumir brevemente un libro ou unha película.								
	Sei falar en público de modo claro, con intervencións breves e previamente preparadas, sobre temas coñecidos.								
	Decátome de que repito a miúdo as mesmas expresións e de que o meu vocabulario é limitado.								
B2	Son capaz de falar con fluidez e espontaneidade sobre unha variada gama de temas xerais, resaltando os puntos máis importantes e achegando detalles e exemplos.								
	Podo defender os meus puntos de vista en público con claridade, en intervencións longas, achegando argumentos e exemplos, destacando os puntos fortes e respondendo algunhas preguntas.								
	Falo cun ritmo bastante regular, con pronunciación e ton claros. Sei formular as miñas ideas con outras palabras para que se me entenda mellor.								



Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

C1	Podo expresarme sen esforzo en diversas circunstancias e sobre distintos temas, algúns especializados; falo con claridade e detalle, destacando as ideas principais, achegando exemplos e argumentos razoados.						
	Ao falar comprobo que as persoas que me escoitan seguen as miñas explicacións e readapto sobre a marcha a miña expresión para previr posibles malentendidos ou para desfacelos.						
	Doulle a cada frase o ton apropiado para matizar as miñas afirmacións.						
	Podo expresar sentimentos como a dúbida ou o asombro; podo queixarme por algo ou facer bromas; podo manifestar complicidade cos meus interlocutores ou confianza neles; fago todo isto tanto de forma directa como indirecta, elixindo as palabras e a énfase axeitados.						
C2	Exprésome correctamente e con gran soltura e fluidez en calquera situación na que teña que falar en público, durante o tempo que sexa necesario.						
	Sei elixir o estilo e o vocabulario axeitados á situación, mesmo en contextos moi formais ou protocolarios. Coñezo e utilizo as fórmulas de cortesía que require cada situación.						
	Sei elixir o estilo máis apropiado a cada momento, variando o ritmo, a énfase, o punto de vista ou o ton segundo os propósitos.						
	Podo improvisar parlamentos axeitados á audiencia e ás circunstancias ou modificar sobre a marcha unha exposición preparada para adaptala aos imprevistos.						






Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

Escribir:

A1	Sei encher impresos (no centro escolar, en centros de ocio, de deportes) cos meus datos persoais (nome, datas, enderezos, nacionalidade).								
	Podo escribir algunhas frases illadas, en exercicios e tarefas da clase.								
A2	Sei escribir notas e mensaxes sinxelas para dar avisos ou facer encargos sobre temas cotiáns.								
	Na clase, escribo redaccións breves sobre temas moi próximos: a miña familia, o que me gusta facer, etc.								
	Escribo textos breves de dous ou tres párrafos, con frases curtas e unidas con conxuncións como "e", "pero" ou "porque". Non domino ben a ortografía.								
B1	Na clase, escribo redaccións breves e tomo notas e apuntamentos; sei escribir poemas moi sinxelos e historias curtas para participar en concursos escolares e actos culturais.								
	Sei escribir descrições e narracións sinxelas e detalladas sobre temas cotiáns e do meu interese.								
	Escribo estes textos enlazando as frases e establecendo diferentes partes ou apartados lóxicos; cometo algunhas faltas de ortografía.								
B2	Sei escribir cartas, redaccións e ensaios de clase sobre temas variados, expresando as miñas opinións e puntos de vista. Sei resumir unha película ou un conto e narrar unha historia.								
	Na clase, sei defender por escrito un argumento, razoando a favor ou en contra deste, destacando as vantaxes e matizando os inconvenientes; podo resumir nun texto datos procedentes de distintas fontes.								
	Ao escribir, respecto a estrutura lóxica de cada texto; intento usar unha sintaxe complexa e un vocabulario variado e usar de xeito claro e eficaz os signos de puntuación. Elaboro un ou máis borradores antes de dar por definitivo o texto. Teño unha ortografía bastante correcta.								






Que sei facer coas miñas linguas ambientais?

C1	Podo escribir todo tipo de textos propios da aula: traballos, resumos, comentarios. Sei buscar información e dar opinións e razoamentos persoais. Utilizo o vocabulario específico de cada materia.								
	Podo escribir cartas a institucións, instancias e solicitudes ou similares; coñezo a estrutura destes escritos e as expresións e os recursos lingüísticos máis habituais.								
	Teño sempre presente o motivo do escrito e o seu destinatario para dar co estilo máis axeitado. Podo formular as ideas e as intencións de distintas formas: de modo máis explícito ou máis indirecto, cun ton máis obxectivo ou máis subxectivo.								
	Estruturo os textos convenientemente, agrupando os temas e as ideas en párrafos. Utilizo esquemas e borradores, que reviso para enlazar apropiadamente as oracións mediante unha sintaxe complexa e un vocabulario rico e variado. Só teño algún erro tipográfico.								
C2	Podo escribir calquera tipo de texto, dentro ou fóra da clase, máis ou menos longo, e expresar coa linguaxe axeitada todas as intencións e ideas.								
	Son consciente da forma na que me expreso e intento axustala ás características da situación. Dedico tempo a pensar a quen me dirixo e con que propósito o fago; reviso varias veces o texto para conseguir un estilo elaborado.								
	Desenvólvome ben cos rexistros formais e cultos; podo utilizar unha sintaxe complexa e introducir un léxico coidadoso, ademais de usar a ortografía correcta e as convencións de cortesía máis habituais.								
	Podo utilizar recursos retóricos como a ironía, o humor ou a ambigüidade premeditada, as comparacións, os xogos de palabras ou as preguntas indirectas, de modo que o lector poida recoñecelos e comprendelos.								







Como falan as miñas linguas outras persoas?

As persoas falan cada lingua con dialectos e acentos diferentes. Busca exemplos.

Que persoa?	Que lingua?	Que che chama a atención?





Outras linguas

Que outras linguas falan ao meu arredor? Busca exemplos.



Lingua:

Quen a fala?

Onde a oio?

Que sei dela?

Lingua:

Quen a fala?

Onde a oio?

Que sei dela?

Lingua:

Quen a fala?

Onde a oio?

Que sei dela?

Lingua:

Quen a fala?

Onde a oio?

Que sei dela?



O meu xeito de aprender

Como aprendo?

Cada un aprende linguas de formas diferentes. Fíxate como o fan estas persoas e explica como o fas ti.

Escoitar:

Intento captar globalmente de que vai, busco pistas que me axuden a adiviñar a situación, como o ton da voz, as palabras importantes, etc. Non me importa non o entender todo.



Eu

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Ler:

Reparo nas imaxes, na presentación e en todo o que me poida dar pistas. Logo subliño todo o que entendo, porque o coñezo ou se parece a outras linguas. Despois intento adiviñar máis palabras a través do contexto. Ao final, tamén busco no dicionario.



Eu

.....

.....

.....

.....


.....

.....

.....

.....

.....



Conversar:

Aprendo frases feitas de memoria e intento pronuncialas ben. Se non sei dicir algo, fago xestos para facerme entender, utilizo outras palabras parecidas ou fago unha comparación (“é como un camiión, pero en pequeno”) ou dou un exemplo. O importante é saír do apuro. Non importa cometer algúns erros.



Eu

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Falar:

Eu preparo o meu discurso con moito tempo. Primeiro, fago un esquema das ideas máis importantes que vou dicir. Intento imaxinar que estou diante dos que me escoitarán. Ás veces, se é moi importante, ensaio a miña charla falando só ou lendo as notas en voz alta.



Eu

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Escribir:

Primeiro penso no que quero dicir no texto. Logo fago unha lista de ideas, palabras, todo moi caótico. Despois escribo un primeiro borrador e busco no libro de texto ou no dicionario o que non sei. Gústame ler varias veces a redacción para corrixila e melloralala. Teño máis tempo para pensar e corrixirme que ao falar. Ás veces, comento as miñas dúbidas con compañeiros e compañeiras da clase.



Eu

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


.....

.....

.....

.....







Que aprendín e que me axudou a aprendelo?

Busca exemplos de palabras, expresións ou os ditos que aprendeses e anota todo o que che facilitou a súa aprendizaxe.

Que aprendín?	Que me axudou a aprendelo? Como o aprendín?






Que fago para aprender fóra da clase?

Anótao.

Actividades:

	Fágoo		Gustáriame	
Escribo de forma regular con falantes doutras linguas.				
Oio música e leo as letras de cancións.				
Leo novelas adaptadas.				
Vexo películas e programas de televisión en versión orixinal.				
Fago deberes da materia de lingua.				
Participo en intercambios ou estancias no país onde fala a lingua.				
Vou a campamentos lingüísticos de verán.				
Manteño contactos con outras linguas a través de internet (correo electrónico, webs, chats).				
.....				
.....				
.....				
.....				
.....				
.....				
.....				
.....				






Os meus plans de aprendizaxe

Que quero saber facer en cada lingua?

En que lingua?	Que obxectivo?	Como podo aprendelo?	Canto tempo lle vou dedicar?





COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

European Language Portfolio

Portfolio européen des langues



Dossier

Ensino secundario

3



Dossier

Ensino secundario

Este Dossier forma parte do *Portfolio europeo das linguas*, xuntamente co *Pasaporte de linguas* e a *Biografía lingüística*. Ten o obxectivo principal de documentar as informacións que se expoñen na biografía e no pasaporte. Podes gardar nel:

- Escritos que realizases na clase ou fóra do instituto: redaccións da clase, traballos, exames, etc., e textos que leras e que che gustasen.
- Gravacións de audio e vídeo de conversacións e exposicións orais.
- Documentos que acrediten experiencias de aprendizaxe lingüística e intercultural: cursos, concursos escolares, programas de viaxe, etc.
- Recordos de visitas e viaxes a outros países ou intercambios con compañeiros que falen outras linguas.

Podes elixir os documentos que acrediten mellor os teus coñecementos lingüísticos, que representen logros importantes na túa formación ou que supoñan experiencias especiais para ti. A observación destes documentos pode axudarche a completar a *Biografía* e o *Pasaporte*.



COUNCIL OF EUROPE CONSEIL DE L'EUROPE

European Language Portfolio

Portfolio européen des langues

Portfolio Europeo das Linguas:
Modelo acreditado Nº 52.2003
European Language Portfolio: accredited model No 52.2003


Concedido a / Awarded to

**MINISTERIO DE EDUCACIÓN
Y CIENCIA. ESPAÑA**

Este modelo axústase aos principios e liñas directrices comúns.

COMITÉ DE EDUCACIÓN-COMITÉ DE VALIDACIÓN PEL

This model conforms to common Principles and Guidelines.
STEERING COMMITTEE FOR EDUCATION
ELP EUROPEAN VALIDATION COMMITTEE



Índice de traballos e documentos

Primeiro sobre: traballos escritos e gravacións de audio e vídeo

Título	Lingua	Data	Por que o elixín?

Segundo sobre: documentos e recordos

Título	Lingua	Data	Por que o elixín?

